



DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES E AS NENAS NA CIENCIA, 11 DE FEBREIRO

A brecha de xénero nos sectores da ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas (STEM) persiste desde hai anos en todo o mundo. O 11 de febreiro é a data sinalada para visibilizar a pouca representación que aínda existe de mulleres nestes campos.

Segundo a Organización das Nacións Unidas, a ciencia e a igualdade de xénero son vitais para alcanzar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), incluídos na Axenda 2030. Nos últimos 15 anos, a comunidade internacional leva feito un gran esforzo inspirando e promovendo a participación das mulleres e as nenas na ciencia. Desafortunadamente, elas seguen enfrontándose a barreiras que lles impiden participar plenamente nesta disciplina.

De acordo con un estudo realizado en 14 países, a probabilidade de que as estudantes terminen un grao, un posgraduado e un doutoramento nalgunha materia relacionada coa ciencia é do 18%, 8% e 2%, respectivamente, mentres que a probabilidade para os estudantes masculinos é do 37%, 18% e 6%. A discriminación sistémica fai que as mulleres ocupen menos do 30% dos postos de investigación e desenvolvemento en todo o mundo.

En España os datos tampouco varían moito. O número de mulleres con estudos universitarios creceu moito nas últimas décadas, superando actualmente o 50% do total. Aínda así, a distribución por carreiras é moi desigual. A presenza de mulleres en certas áreas científicas, como a física e as enxeñerías, é moi inferior á dos homes. Este desequilibrio acentúase segundo progrésase na carreira investigadora, e se acentúa maioritariamente cando coa ciencia se crean empresas baseadas neste coñecemento.

DATA DE CELEBRACIÓN: 16 de febreiro de 2024

Lugar: Aula Magna - Facultade de Química Avda. das Ciencias, s/n, 15782 - Santiago de Compostela

Programa:

09:00 Inauguración:

Pilar Bermejo Barrera – Vicerreitora de Política Científica da Universidade de Santiago de Compostela

Sandra Vázquez Domínguez – Secretaria Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia

María Seoane Ramil – Vogal da Xunta Directiva de Bioga

Jesús Sanmartín Matalobos - Decano da Facultade de Química

Moderadora: Eva López Barrio – Coordinadora de Innovatia 8.3. Instituto das Mulleres.



09.30 – 10:30 En que consiste ser científica?

María Carreiro Otero - Presidenta da Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas de Galicia

Marta Perez Pereiro – Delegada do reitor para a Igualdade da Universidade de Santiago de Compostela

Pilar Bermejo Barrera – Vicerreitora de Política Científica da Universidade de Santiago de Compostela

Moderadora: Sabela López Figueiras – Técnica de Transferencia de Coñecemento da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da Universidade de Santiago de Compostela

10:30 – 11:30 Coa ciencia, podo crear unha empresa?

Iria Rodríguez Arias - Directora de I+D de NANOGAP.

Ester Vázquez Fernández - Co-fundadora e Cryo-EM Consultant de TEMPoS

Bibiana Rodiño Janeiro - Fundadora e CEO de BETA Implants

Moderadora: Loli Pereiro Mato - Cluster Manager de Bioga

11:30 Espazos expositivos no corredor da planta “0”: as científicas experimentan

12:30 – 13:30 Taller de empregabilidade: "Aterrizar no mercado laboral sa e a salvo"

Imparte: Antía Blanco Espiñeira, Directora de Recursos Humanos en GalChimia.

<https://www.eventbrite.es/e/entradas-dia-internacional-das-mulleres-e-nenas-na-ciencia-2024-823722063867?aff=oddtcreator>

<https://www.eventbrite.es/e/entradas-taller-empleabilidad-aterrizar-en-el-mercado-laboral-sano-y-salvo-823789776397?aff=oddtcreator>

Vídeos con relatos das emprendedoras que intervirán no evento:

 [Bibiana.mp4](#)

 [Sonia.mp4](#)

 [ESTER.mp4](#)